XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edf.Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15771 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981544400 Fax: 981546551

Asunto: Xustificación de gastos das actuacións cofinaciadas polo FSE

Con data 27 de setembro de 2007 enviouse un escrito a ese centro no que se solicitaba que, durante o mes de outubro, se enviara a xustificación de gastos das diferentes actuación en relación co Programa Operativo do Fondo Social Europeo (2007-2013), que se tiveran producido durante o período 01.01.2007 ao 30.09.2007.

Agora é preciso que se envíe a xustificación dos gastos de funcionamento do período restante, do 01.10.2007 ao 31.12.2007, das ensinanzas: ciclos formativos (ordinarios e de adultos relacionados coas TIC), ensinanzas modulares de ciclos formativos e programas de garantía social, así como daquelas actuacións como son: medidas de orientación, reforzo e apoio (MORA) e recoñecemento das competencias profesionais.

A tal efecto, os centros **deberán enviar** á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, **durante o mes de xaneiro de 2008,** a seguinte documentación:

- **Formulario 2**: Gastos directos de funcionamento (período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2007).
- **Formulario 3**: Gastos indirectos de funcionamento (período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2007).
- **Formulario 4**: Resume anual de gastos (período 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007).
- **Relación de gastos** (relación de facturas imputadas de acordo co capítulo 4 do Manual de xustificación de gastos).
- **Fotocopias das facturas e xustificantes de pago desas facturas (novidade con respecto á xustificación que se viña enviando en anos anteriores).**

NOTA: Os formularios pode atopalos no portal educativo, entrando por: centros>ferramentas>Documentos 2007-2013. As fotocopias das facturas e xustificantes de pago pódense enviar en formato de arquivo *pdf*, en soporte CD. O resto dos formularios teñen que enviarse en papel e debidamente asinados.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2007

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA * DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

Sr./Sra. Director/a